



## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN DIRIXIDA AO PLENO PARA A INMEDIATA CARGA DE TRABALLO DO SECTOR NAVAL**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal unha moción para a inmediata carga de traballo do sector naval.

### **Exposición de motivos**

A comarca de Ferrolterra vive unha crise estrutural sostida nas últimas décadas. A nosa cidade está nunha situación límite, a demografía non se recupera, a taxa de ocupación está en barreiras do colapso e os mozos e mozas da nosa comarca vense obrigados a emigrar na procura dunha oportunidade. Reflexo desta situación é un dato significativo, case o 40% das prazas ofertadas nos centros escolares quedarán desertas. Un centro histórico, como é o CEIP Recimil, tan só ten sete alumnos matriculados no primeiro curso, cando hai non tantos anos tiña varias liñas con todas as prazas ocupadas. A cidade esmorece.

Esta crise non concorda coa valoración política que se fai dende as institucións. Anuncios de carga de traballo nos estaleiros, na autoridade portuaria, na antiga Astano, promesas na construción de infraestruturas, como a liña ferroviaria á Coruña ou o Feve, a Variante do trazado norte ou a supresión de peaxes quedan en anuncios vacuos de campaña electoral. A realidade é que a comarca está a lanzar un berro de auxilio que tan só depende da vontade política. E é que, maila que nos pese, o sector naval público é a día de hoxe o verdadeiro motor de Ferrolterra, o que crea emprego de calidade e pode soste o sector terciario. Laiámonos do peche do pequeno comercio pero é que sen salarios dignos, con subsidios e desemprego, a economía non se sostén.

O estaleiro público presenta a medio prazo un futuro esperanzador, coa construción das fragatas F110, un proceso de ingreso de novo persoal e o desenvolvemento do estaleiro 4.0. O que parecía prosperidade estase a converter nunha lameira onde estanse a enterrar os soños logo de tantos titulares, con máis sombras que luces na realidade tanxible. Ferrolterra non pode agardar máis, e non basta con declaracións institucionais de apoio á mobilización, precisamos unidade e acción política concreta, polo que Ferrol en Común insta ao Concello de Ferrol:

1.- Ao cumprimento do comprometido en Xunta de Voceiros co Comité de empresa de Navantia, isto é, a convocatoria dunha asemblea cidadá que poida desenvolver unha acción social de concienciación e recollida de sinaturas para

instar ao goberno a construción inmediata dun AOR, demandado pola Armada en substitución do Patiño.

2.- A solicitar do Goberno do Estado a implementación do estaleiro 4.0. con transparencia, investimentos e plan de desenvolvemento con prazos e orzamento concretos.

3.- Solicitar do goberno a axilización, obxectividade e transparencia na selección do persoal que forme parte do cadro de persoal de Navantia.

4.- Instar a Navantia á redución de prazos para poder acometer canto antes a construción das Fragatas F110.

Ferrol, 24 de febreiro de 2020

Jorge Suárez Fernández